

Ordenanza reguladora da taxa por licencias de autotaxis.**Artigo 1. Fundamento e réxime**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a Taxa por Licencias de Autotaxis e demais Vehículos de Aluguer, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDI 2/2004 citado.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúen o feito imponible os seguintes conceptos:

- Concesión e expedición de licencias.
- Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, con arreglo á lexislación vixente.
- Substitución dos vehículos afectos ás licencias.
- Dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conductor.

Artigo 3. Devengo

A Taxa devengarase, nacendo a obrigaçión de contribuír:

Nos casos indicados nos apartados do artigo 2 anterior, no momento da concesión da licenza ou autorización do servizo municipal, expediente o cal non se tramitará ata que se efectúe o pago correspondente, en concepto de depósito previo.

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica o un patrimonio separado, susceptible de imposición, que soliciten as licencias, a substitución ou revisión de vehículos ou os dereitos obxecto do feito imponible.

Artigo 5. Responsables

- Serán responsables solidarios das obrigaçións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
- Serán responsables solidarios das obrigaçións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 6. Base imponible e liquidable

A base imponible estará constituída pola clase ou natureza da licenza, dereito ou servizo solicitado con base no disposto no artigo 2º, o que determinará a aplicación dunha ou outra das cotas tributarias que se establezcan no artigo seguinte.

Artigo 7. Cota tributaria

As cotas tributarias dos conceptos comprendidos na presente Ordenanza, serán as seguintes:

a) Concesión e expedición de licencias	676,50 euros
b) Autorización transmisión de licencia	676,50 euros
c) Autorización transmisión a favor do cónxuxe ou descendentes	338,30 euros
d) Substitución de vehículo	169,00 euros
e) Permiso municipal de conducir	169,00 euros

Artigo 8. Normas de xestión

- Xunto coa solicitude da licenza deberá ingresarse, co carácter de depósito previo, o importe da Taxa baseándose nos datos que aporte o solicitante e o establecido nesta Ordenanza, sen prexuízo da liquidación que corresponda e que se practique no momento de adoptarse a resolución administrativa referente á solicitude da licenza.

2. A liquidación practicada notificarase ó suxeito pasivo para o seu coñecemento ou impugnación no seu caso. No suposto de que o seu importe fose maior que o depósito previo constituído, deberá ingresarse a diferenza nos prazos indicados no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 10. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.